

Festival Internacional
de Teatro Universitario da Coruña

2024

Edic.29

Coruña

3 Abr. / 20:00 H.
Centro Ágora

— ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO —

11-12 Abr. / 20:00 H.
Fórum Metropolitano

— ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO —

M.3/04

DANZA

20:00h.

01

AULA DE DANZA DA UVIGO-CAMPUS DE OURENSE

BOLERO

— DIRECCIÓN → Nuria Sotelo — INTÉRPRETES → Guiliana Amarilla / Ainhoa Linaza / Ainhoa Viñuela / Ánxela Arcas / Belán Ferro / Mercedes Ferro / María Pereira / Noelia Estévez / Juan García-Mauriño.

Tomando de referencia o estudo do Bolero de Ravel de Maurice Béjart, e apropiándonos de certos movementos da súa coreografía, facemos unha coreografía conxunta baixo as regras dun xogo que permite ás intérpretes compoñer un espazo común.

02

ESPAZO DE DANZA DA USC

MIGRACIÓNS

— DIRECCIÓN → Juan Carlos Zahera — COREOGRAFÍA → Rosa Acuña — INTÉRPRETES → Alicia Collazo / Lucía Fernández / Inés Fernández / Andrea Gil / Ayla Leiva / Sonia L. Pumarega — ARRANXOS MUSICAIS → Iria Estévez e Gonzo Piña. — VESTIARIO → Colectivo do Espazo de Danza da USC. ∅ Duración aprox. → 15-20 minutos.

A vida como unha viaxe e movemento. Dende as células do organismo, os animais, ata o ser humano, migramos por moitas causas...supervivencia, cambio, adaptación, aprendizaxe e necesidade. Sen migración non existiría a vida e todos formamos parte desa migración constante.

03

AULA DE DANZA NORMAL UDC

E TODO O DEMÁIS NON IMPORTA

— DIRECCIÓN → Alba Fernández — COREOGRAFÍA → Colectiva — INTÉRPRETES → Ana Blanco / Aida González / Alfonso Louro / Alejandro Varela / Remedios Cuba / Marta Leira / Sandra Martínez, Sonia Franco / Fabiola Fraga / Paula Silvarrey ∅ Duración aprox. → 15 minutos.

Cando es unha persoa pequena déixaste influenciar por todo o que está ao teu arredor. Agora dende o baleiro, estou á procura de min mesma, para atoparme de verdade. Non querer o convencional. Loitar polo que penso. A base sempre foi ser unha persoa feliz e libre. Quixera aferrarme a ese sentimento e vivir permanentemente nesa canción. *Forever trusting who we are... No, nothing else matters.*

X.11/04

TEATRO

20:00h.

01

AULA DE TEATRO NORMAL UDC

KOLAKOWSKI

— TRADUCIÓN E DIRECCIÓN → Rubén Ruibal — REPARTO → Fredi Fonseca / Amelia Da Silva / Emilio Bonome / Rubén Guerra / Alba Pouso / Manuel Bonome / Nico Álvarez / Noa Estévez / Nuria Calvo Babío / Marcelino Fuentes / Nour Dahou / Elena Canido Muíño — ILUMINACIÓN → Afonso Castro — AGRADECIMENTOS → Marián Fuentes, Laura Mariño, Pablo G.R.A ∅ Duración aprox. 40 minutos.

KOLAKOWSKI [catro pezas breves de Juan Mayorga]. KOLAKOWSKI reúne catro pezas que non parecen ter moito que ver: 581 mapas, O crack, Concerto fatal da viúva Kolakowski e Ramírez, extraídas do Teatro para Minutos de Juan Mayorga. Xusto no limiar deste libro, o autor fala das conexións ocultas entre textos e de que, aínda sendo breves, cada unha delas pretende manter a tensión dun cadro, do que non se mide a súa importancia pola cantidade de parede que ocupa, senon pola forza con que tensiona esa parede.

V.12/04

TEATRO

20:00h.

01

AULA DE TEATRO DA USC

ANTROPOLOXÍA DO BICO (A SÍNDROME DO TÚNEL CARPIANO)

— POSTA EN ESCENA → Roberto Salgueiro — REPARTO → Laura Valeiras / Paulinho Mouriño Pereiro — IMAXE → Roberto Salgueiro — AGRADECIMENTOS → Marta Casais, Miguel Gendre, Zeltia Meylán Vila ∅ Duración aprox. → 40 minutos.

Cal é a finalidade principal da boca? Comer, morder, falar? Non, bicar. A ausencia ou presenza dos bicos na nosa vida diaria determina o que pensamos, o que queremos, o que odiamos, a que lle temos medo e por que repetimos incansablemente as mesmas accións como amasar fariña ou ensaiar coa guitarra, por exemplo. Outros fan atletismo ou len.